

MESA SECTORIAL 30/06/2026

- 1. REDUCCIÓN RATEO ESO E BACHARELATO**
- 2. DOCUMENTACIÓN SOBRE AFINIDADES**
- 3. CURRÍCULO DOS CICLOS FORMATIVOS DE G.B.**
- 4. CURRÍCULO DOS CICLOS FORMATIVOS DE G.M.**
- 5. CURRÍCULO DOS CICLOS FORMATIVOS DE G.S.**
- 6. CURRÍCULO DOS TÍTULOS DE ESPECIALISTA E DE MÁSTER DE FP**

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe abordáronse os seguintes puntos:

1. Redución do número de alumnado nas aulas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

Valoración Xeral

Valoramos positivamente que a Administración presente na Mesa Sectorial unha proposta para adiantar a redución de ratios en Secundaria e Bacharelato. Esta medida é resultado do traballo desenvolvido na Comisión de Seguimento do Acordo de Melloras, na que UGT-SP, como organización asinante, participa activamente e contribúe aos avances acadados.

Con todo, trasladamos á Administración a necesidade de introducir dúas modificacións na Addenda:

- Adiantar a aplicación da baixada de ratios ao curso 2027/28.
- Reducir a ratio máxima en Bacharelato a 28 alumnos/as.

Consideramos que estes axustes son imprescindibles para garantir unha mellora real das condicións de traballo do profesorado e da calidade educativa no ensino público galego.



2. Documentación sobre afinidades.

Valoración xeral

O documento achegado xera numerosas dúbidas. Desde UGT-SP solicitamos que se aclare expresamente se esta proposta ten efectos unicamente na distribución de materias dentro dos departamentos docentes para o persoal definitivo, ou se pretende funcionar tamén como documento de referencia para a asignación de afíns na adxudicación de persoal provisional.

Consideramos positivo abrir o debate sobre a regulación das afíns, pero entendemos que este documento é só un punto de partida e resulta insuficiente para garantir unha aplicación rigorosa e homoxénea.

Por iso, suxerimos que a Administración elabore unha proposta completa de regulación de afíns que limite irregularidades e asegure criterios obxectivos. En concreto, solicitamos:

- Establecer previamente criterios claros e verificables para a asignación de afíns.
- Incorporar un sistema de habilitacións que permita ao profesorado con capacitación acreditada acceder ás afíns correspondentes.
- Traballar con maior profundidade e detalle neste ámbito, garantindo unha regulación sólida, transparente e aplicable en todos os centros.

• Resposta da Administración

Están de acordo en que este documento sexa un punto de partida , e propoñen a creación dun grupo de traballo coa presenza das organizacións con representación na Mesa Sectorial.



- 3. Proxecto de orde pola que se establece o currículo dos ciclos formativos de grao básico na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- 4. Proxecto de orde pola que se establece o currículo dos ciclos formativos de grao medio na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- 5. Proxecto de orde pola que se establece o currículo dos ciclos formativos de grao superior na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- 6. Proxecto de orde pola que se establece o currículo dos títulos de especialista e de máster de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia**

Valoración xeral

Desde UGT-SP facemos fincapé na necesidade de reforzar de maneira decidida a atención á diversidade nas ensinanzas de FP. Propoñemos como medidas concretas a redución de ratios, a dotación de recursos humanos específicos para garantir apoios cando sexa necesario e, mesmo, a incorporación de profesorado especialista para a atención de necesidades educativas específicas.

Nos puntos relativos ao profesorado, solicitamos que se establezan criterios claros e transparentes para a agrupación de módulos ou accións formativas. Así mesmo, pedimos que se controle a continuidade do profesorado vinculado a proxectos de investigación ou innovación, co fin de evitar que esta circunstancia se converta nun mecanismo que perpetúe destinos de maneira irregular.

En relación ás persoas expertas, reclamamos que a súa incorporación se realice de maneira excepcional e só cando resulte imprescindible. Ademais, consideramos necesario un control exhaustivo dos perfís profesionais propostos, garantindo que se eviten contratacións irregulares e que se respecte plenamente o marco normativo vixente.

UGT-SP entende que é imprescindible traballar con maior profundidade neste ámbito para asegurar unha FP pública de calidade, equitativa e con recursos suficientes.



7. Outros asuntos tratados

Convocatoria Asesorías:

- Non van saír este ano. Tampouco de CAFI nin prazas sometidas a convenio.

Formación sobre riscos e emerxencias de Protección Civil.

- Solicitamos se confirme a obrigatoriedade da realización de este curso e criticamos a posta en marcha do mesmo sen previo aviso.

- **Resposta da Administración**

Van a mandar un correo masivo en setembro para aclarar a como se desenvolve esta formación.

